

## ELECCIÓN Á ASEMBLEA XERAL, COMISIÓN DELEGADA E PRESIDENCIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO

### CONVOCATORIA

Segundo o previsto no Decreto 16/2018 de 15 de febreiro da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e de acordo co disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, a Xunta Directiva da Federación Galega de Piragüismo convoca a celebración de eleccións á Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidencia.

O proceso electoral levarase a cabo de acordo có disposto no Regulamento Electoral aprobado pola Asemblea Xeral en xuntanza extraordinaria celebrada o 25 de maio pasado e ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte.

A interpretación e aplicación do Regulamento Electoral corresponde á Xunta Electoral elixida pola Asemblea Xeral na mesma xuntanza antedita. A Xunta Electoral ten o seu enderezo no da Federación (Centro Deportivo David Cal, r/ Gabián s/n Verducido) ó cal deberá remitirse toda a correspondencia dirixida á Xunta Electoral ou ás mesas electorais. A composición da Xunta Electoral é a seguinte:

Membros titulares: M<sup>a</sup> Araceli Menduiña Santomé, Rut Otero Triñanes e Rebeca Laurijsen Busto.

Membros suplentes: Efrén José Fernández Menéndez, Jonathan Domínguez Rodríguez, Luis Real Fernández.

Os actos do proceso electoral levaranse a cabo nas datas contidas no calendario electoral anexo ó Regulamento. O horario de votacións á membros da Asemblea Xeral será de 10,00 h. a 17,00 h.

As mesas electorais para a celebración das votacións estarán emprazadas no enderezo da Federación, agás no caso do voto por correo.

Dende a publicación desta convocatoria queda exposto o censo provisional de electores e elixibles para que calquera membro da Federación poida consultalo e facer as reclamacións que estime oportunas perante a Xunta Electoral ata o día 17 de setembro. A consulta do censo pode facerse no taboleiro de avisos da Federación ou na páxina web da mesma.

As persoas que reúnan as condicións para pertencer ó censo electoral por máis dun estamento, disporán de prazo ata o 17 de setembro para manifestar por escrito perante a Xunta Electoral a súa opción por un ou outro estamento. Os criterios para identificar os electores nun único estamento, no caso de non exercer a opción individual, serán, por esta orde, no censo de xuíces/árbitros, no de adestradores ou no de deportistas.

Con carácter provisional indícase que a Asemblea Xeral estará composta por **50** membros distribuídos do seguinte xeito por estamentos: clubs **30**, deportistas **12**, técnicos **5**, xuíces-árbitros **3**. E a Comisión Delegada estará composta por **9** membros

distribuídos do seguinte xeito: **3** designados polo Presidente; **3** polo estamento de clubs; **1** elixido polo estamento de deportistas; **1** elixido polo estamento de técnicos; **1** elixido polo estamento de xuíces-árbitros. Unha vez aprobado o censo definitivo, eses datos serán ratificados ou modificados pola Xunta Electoral para adaptalos ó disposto no Decreto.

Coa publicación desta convocatoria electoral, a Xunta Directiva cesa nas súas funcións e queda constituída a Comisión Xestora.

Así mesmo coa publicación da convocatoria e do censo provisional ábrese o prazo para solicita-lo voto por correo perante a Xunta Electoral. Dito prazo rematará o día 9 de outubro.

Pontevedra, 3 de setembro de 2018.

O Presidente

